

# acollemento familiar de menores

Guía para profesionais dos servizos sociais





# acollemento familiar de menores

Guía para profesionais dos servizos sociais

**Xunta de Galicia**

Consellería de Traballo e Benestar

Secretaría Xeral de Política Social

Subdirección Xeral de Familia e Menores

2012

1ª Edición 2012

Elaboración e edición

**Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar**

**Secretaría Xeral de Política Social**

**Subdirección Xeral de Familia e Menores**



# Índice

---

1. Introducción .....	7
2. Que é o acollemento familiar? .....	9
3. Outros conceptos relacionados .....	11
4. Modalidades de acollemento familiar .....	21
5. Que menores poden ser acollidos .....	27
6. A actuación dos servizos sociais e dos Equipos Técnicos de Menores da Xunta de Galicia .....	29
7. Como e quen pode solicitar un acollemento familiar .....	33
8. Quen debe consentir o acollemento .....	39
9. A formalización do acollemento familiar .....	43
10. A remuneración dos acollementos .....	45
11. O desenvolvemento do acollemento .....	47
12. A relación entre o menor acollido e os seus pais .....	51
13. Os acollementos profesionalizados .....	53
14. Outros beneficios para as familias acolledoras .....	55
15. Onde informarse .....	57
16. Lexislación aplicable .....	61
Anexos .....	50

## Introdución

---

*A Declaración dos Dereitos do Neno recoñece que “o neno, pola súa falta de madurez física e mental, necesita protección e coidados especiais”. Os Estados deben asegurarllos para acadar o seu benestar.*

*Desgraciadamente en Galicia, como no resto dos países do mundo, hai menores que viven en condicións excepcionalmente difíciles. Grazas á colaboración de moitas familias do seu contorno ou totalmente alleas a el, poden crecer co apoio e seguridade necesarios, a través do acollemento familiar. Doutro xeito, moitos deles probablemente pasarían os seus días nun centro, ás veces, ata a maioría de idade.*

*O acollemento familiar convértese así nun recurso esencial, aínda que descoñecido para moitas persoas. Acercalo cada vez máis á nosa poboación debe converterse nun obxectivo esencial no que traballamos día tras día.*

*Non obstante, isto non sería posible sen a colaboración e cooperación das e dos profesionais dos servizos sociais, compoñentes básicos do noso sistema de protección e os máis próximos á poboación. É esencial, polo tanto, poñer no seu coñecemento en que consiste o acollemento familiar e cales son os criterios técnicos que orientan as actuacións dos Equipos Técnicos do Menor. Só así poderán contribuír á súa difusión e informar con claridade ás familias, tanto ás biolóxicas como ás acolledoras. Grazas á implicación de todas as instancias lograremos ofrecer aos nosos nenos, nenas e adolescentes a protección que merecen e garantir o cumprimento dos seus dereitos. **Protexer a persoa menor de idade debe ser un obxectivo de todos e todas.***

Coro Piñeiro Vázquez  
Secretaría xeral de Política Social







## Que é o acollemento familiar?

---

O acollemento familiar é un recurso de protección **temporal** e **revogable**, orientado ao coidado dun neno, nena ou adolescente que se atopa privado, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención pola súa familia; consiste en confiar o seu coidado a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha **vida familiar**.

A Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, recoñece que “o neno, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, debe crecer no seo da familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión”.

Neste sentido, o marco lexislativo actual de protección á infancia dá preferencia ao acollemento familiar fronte ao ingreso dos nenos nun centro de menores, cando non poden ser atendidos na súa propia familia, por considerarse que a familia é o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

O acollemento familiar produce a plena participación do menor na vida de familia e impón a quen o recibe as obrigas de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral. O menor **é separado dos seus proxenitores/titores** e confíase o seu coidado a unha persoa ou familia distinta á de orixe, con vínculos de parentesco (familia extensa) ou sen eles (familia allea). Esta familia é a que exerce a súa garda. En supostos particulares (como por exemplo o

acollemento de fins de semana) o acollemento é unha medida de apoio á familia biolóxica, coa que non chega a romperse a convivencia.

A súa finalidade é procurarlle ao menor separado da súa familia a atención nun contexto familiar ou de convivencia axeitado, xa sexa con carácter provisorio, temporal, permanente ou como paso previo para a adopción.

Do mesmo xeito que non hai dúas persoas iguais, tampouco hai dous acollementos iguais. Así, existe unha grande variabilidade tanto na súa orixe como na duración e características do menor: poden ser nenos ou nenas que acaban de nacer e que serán recollidos en adopción, menores que se reintegrarán ao seu núcleo familiar pasado un tempo, adolescentes que estarán en acollemento ata a súa maioría de idade, menores sans ou con enfermidades ou discapacidade, nenos e nenas sós ou grupos de irmáns.

→ O acollemento é un recurso **temporal** e **revogable**.

→ O menor é **separado dos seus pais ou titores** e vai **convivir con outra familia**.

→ **Non hai dous acollementos iguais**.



## Outros conceptos relacionados

---

Antes de afondar no acollemento familiar é preciso realizar unha definición doutros conceptos relacionados, polas súas implicacións no inicio e desenvolvemento daquel.

- o **Risco:** situación que se produce de feito cando a persoa menor de idade, sen estar privada no seu ámbito familiar da necesaria asistencia moral ou material, se ve afectada por calquera circunstancia que prexudique o seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo e que permita razoablemente temer que no futuro poida estar incurso nunha situación de desamparo, inadaptación ou de exclusión social.

Segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, **constitúen situacións de risco:**

- a) A falta de atención física ou intelectual da persoa menor de idade por parte dos seus pais, titores ou gardadores que supoña prexuízo leve para a súa saúde física ou emocional, descoido non grave das súas necesidades principais ou obstaculización para o exercicio dos seus dereitos, cando se estime, pola súa natureza ou pola repetición dos episodios, a posibilidade da súa persistencia ou o agravamento dos seus efectos.
- b) A dificultade seria que estas persoas teñan para lle dispensar adecuadamente a referida atención física e intelectual, malia a súa vontade de o facer, cando teña os efectos descritos.

- c) A utilización do castigo físico ou emocional sobre o menor que, sen constituír episodio severo ou patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento.
- d) As carencias que, non podendo ser adecuadamente compensadas no ámbito familiar, nin impulsadas desde este para o seu tratamento a través dos servizos e recursos esenciais e/ou normalizadores, poidan propiciar a exclusión social, inadaptación ou desamparo do menor.
- e) O conflito aberto e permanente entre os pais, titores, ou gardadores, ou entre calquera deles e o menor, cando poida prexudicar o desenvolvemento persoal ou social deste.
- f) Calquera outra situación que, de persistir, poida evolucionar e derivar en desamparo do menor.

Correspóndelles ás **entidades locais a detección, valoración e intervención nas situacións de risco** e a activación dos seus propios recursos ou en colaboración con outras administracións ou servizos.

- o **Desamparo:** situación que se produce de feito a causa do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade, cando estas quedan privadas da necesaria asistencia.

**Constitúen situacións de desamparo**, conforme a Lei 3/2011:

- a) O abandono do menor.
- b) A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiras persoas con consentimento delas.
- c) A negligencia grave no cumprimento das obrigas alimentarias, hixiénicas ou de saúde, sempre que supoña un prexuízo grave para a integridade do menor.
- d) A indución á mendicidade, delincuencia, prostitución ou a calquera outra forma de explotación económica ou sexual, ou permisividade respecto destas condutas.
- e) As condutas aditivas do menor co consentimento ou a tolerancia das persoas que exerzan a súa garda.
- f) O trastorno mental grave dos pais, titores ou gardadores que impida o normal exercicio da patria potestade, tutela ou garda.
- g) As condutas aditivas nas persoas da unidade familiar, en especial, das que posúen a patria potestade ou tutela, se menoscaban gravemente o desenvolvemento e benestar do menor.
- h) A convivencia nun contorno sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral do menor ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- i) A falta das persoas ás que lles corresponde exercer as funcións de garda ou cando estas estean imposibilitadas para as exercer ou en situación de as exercer con perigo grave para o neno, nena ou adolescente.

- l) A falta de escolarización habitual do menor co consentimento ou tolerancia dos pais, ou persoas que exerzan a súa garda, sempre que menoscabe o seu desenvolvemento e benestar ou supoña un prexuízo grave para el.
  - m) Calquera outra situación de desprotección que se produza de feito a causa do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores cando queden privados da necesaria asistencia moral ou material.
- o **Tutela:** é unha figura xurídica que leva consigo a asunción de determinadas facultades da patria potestade respecto dun menor.

Cando se declara o desamparo dun menor suspéndese o exercicio da patria potestade por parte dos seus pais, sendo asumida a tutela pola xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda ao domicilio do neno, nena ou adolescente.

A asunción da tutela dun neno, nena ou adolescente pola entidade pública leva consigo a asunción da súa garda.

Cando os Equipos Técnicos de Menores aprecian que un menor se atopa en situación de desamparo, a xefa ou o xefe territorial dita resolución, que debe comunicarse ao Ministerio Fiscal e notificarse, no **prazo de 48 horas**, aos pais, titores, gardadores ou aos familiares que ultimamente convivisen co menor. Serán informados de forma presencial e de modo claro



e comprensible das causas que deron lugar á intervención da Administración e dos efectos da decisión adoptada.

Os pais ou gardadores disporán dun **prazo de 2 días**, contados a partir do día seguinte ao da notificación, para facer a entrega voluntaria do menor.

Non obstante, en caso de urxencia con grave risco para o menor, a xefatura territorial competente poderá, de modo inmediato, declarar o desamparo e asumir a tutela, adoptando as medidas de protección que considere adecuadas, sen prexuízo de que con posterioridade e no menor prazo de tempo posible se notifique axeitadamente e se lle dea cumprimento ao trámite de audiencia ás persoas interesadas.

Cando os pais, titores ou gardadores impedisen a execución da medida de protección acordada na resolución de tutela ou non fixesen entrega do menor tutelado no prazo sinalado na resolución, a xefatura territorial competente presentará ante o xuíz solicitude de auxilio xudicial para facer efectiva a medida acordada, sen prexuízo das intervencións inmediatas que poidan realizarse se están ante unha situación que implique a vulneración de dereitos fundamentais das persoas ou se están en perigo a vida ou a integridade física do menor.

As xefaturas territoriais tamén asumirán provisionalmente a tutela dos nenos, nenas e adolescentes **en situación de desamparo que se atopan transitoriamente** no seu territorio, e o notificarán á Administración pública competente na que tivese o seu domicilio para que adopte as medidas protectoras que considere convenientes. Nestes casos, a tutela subsistirá

ata que desaparezan as causas que a motivaron ou o caso sexa asumido pola Administración competente.

No caso de **menores estranxeiros en situación de desamparo** que se atopen na nosa Comunidade Autónoma, a xefatura territorial competente adoptará as medidas protectoras que correspondan, de conformidade coa normativa vixente reguladora dos dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

Non obstante todo o anterior, sempre que exista a posibilidade e sexa beneficioso para o interese do menor, cando existan persoas que, polas súas relacións con ela ou outras circunstancias, podan asumir a súa tutela, **promoverase o nomeamento de titor ou titora polo xuíz.**

- o **Garda:** é unha medida de protección do menor que supón para quen a exerce a obriga de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha atención e formación integral.

A garda é unha das funcións que leva consigo o exercicio da tutela, de xeito que cando se declara o desamparo dun neno, nena ou adolescente, a Administración pasa a asumir a súa tutela e, automaticamente, a súa garda.

Tamén **os pais ou titores**, cando por circunstancias graves non poidan coidar o menor **poden solicitar á xefatura territorial que asuma a súa garda** polo tempo necesario. Así mesmo, a xefatura territorial asumirá a garda cando así o acorde o xuíz nos casos nos que legalmente proceda. Nestes casos, nos que a Administración asume a garda (pero non a tutela do menor) a patria potestade continúa sendo exercida polos seus pais.

A solicitude de garda formulada polos pais, titores ou gardadores deberá presentarse ante a xefatura territorial ou ante os servizos sociais do concello, quen lla remitirá á xefatura territorial competente.

Avaliadas as circunstancias do caso, e no **prazo máximo de 6 meses** desde a solicitude, emitirase resolución aceptando ou denegando esta garda. Se a resolución é favorable, os pais deberán asumir os compromisos que desde a Administración se lles sinalen.

A garda asumida pola Administración Pública (sexa de forma automática ao asumir a tutela, por petición dos pais ou por decisión xudicial) exerceuse a través do acollemento, sexa familiar ou residencial. Esta garda só durará o tempo imprescindible mentres perduren as circunstancias que a motivaron. Cesará por resolución do mesmo órgano que a constituíra (xudicial ou administrativo) á vista das circunstancias. No caso da garda asumida a petición dos pais, estes poden solicitar o seu cesamento cando estean en situación de facerse responsables do menor.

Ademais de todos estes conceptos, é importante facer un breve repaso doutras outras figuras de protección de menores, afíns ao acollemento familiar, pero que convén distinguir del.

- o **Acollemento residencial:** comporta o ingreso dun menor nun centro residencial, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia. O director do centro exerce as funcións propias da garda, asumindo as obrigas de velar por el telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

O acollemento residencial ten carácter subsidiario respecto do acollemento familiar e das demais medidas de protección do menor. Só se recorre a el cando se esgotaran todas as posibilidades de mantemento do neno, nena ou adolescente na súa familia e cando o acollemento familiar, a constitución da tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren inadecuados.

É acordado por decisión xudicial ou mediante resolución administrativa.

A entidade pública é a que determina o centro concreto no que se levará a cabo o acollemento en función das circunstancias persoais do menor, as características dos centros e a dispoñibilidade de prazas, atendendo sempre ao superior interese do menor.

- o **Adopción:** é unha medida de protección dirixida ao menor en situación de desamparo que consiste na súa integración


definitiva nunha familia distinta á de orixe, establecendo unha relación xurídica de filiación entre os adoptantes e o menor e extinguindo os vínculos deste coa súa familia anterior.

**Non deben confundirse acollemento e adopción.**

No acollemento familiar, mantéñense os vínculos de parentesco do menor coa súa familia de orixe, considerándose unha medida de protección temporal. A adopción, pola contra, si extingue os vínculos de parentesco do neno, nena ou adolescente coa súa familia de orixe, constituíndose como una medida de carácter permanente que crea unha nova relación de filiación.

Tampouco debe confundirse o acollemento familiar destinado á protección temporal do menor co **acollemento familiar preadoptivo**, que ten como finalidade a adopción (e que non é obxecto do presente documento).

# PROCEDIMIENTO TÉCNICO DE VALORACIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE DESPROTECCIÓN DE MENORES



# Modalidades de acollemento familiar

---

Podemos distinguir distintas modalidades de acollemento familiar, segundo os criterios que utilizemos:

## 1. En función da vinculación entre o menor e a familia acolledora:

- **Acollemento en familia extensa:** é o acollemento cunha familia coa que o menor ten algún vínculo de parentesco, ben por consanguinidade ben por afinidade.
- **Acollemento en familia allea:** é o acollemento cunha familia coa que o menor non ten ningún vínculo de parentesco.

## 2. En función da finalidade do acollemento:

- **Simple:** por ter carácter transitorio, ao preverse a reunificación do neno, nena ou adolescente coa súa propia familia ou en tanto se adopta unha medida de protección de carácter máis estable. A súa duración dependerá de cada caso concreto pero, en calquera caso, é un acollemento temporal.

Dentro desta modalidade, encontramos os acollementos de urxencia, destinados aos casos nos que o menor estea nunha situación de grave risco que requira unha actuación inmediata.

- **Permanente:** medida de protección estable (aínda que non necesariamente definitiva) cando a idade do menor ou outras das súas circunstancias ou da súa familia así o

aconsellen. É un acollemento, en xeral, de maior duración que, en moitos casos, se prolonga ata a maioría de idade do neno.

- **Preadoptivo:** formalízase logo de presentar ante a autoridade xudicial a proposta de adopción dun menor ou cando, antes de presentar a dita proposta, se aprecie a necesidade de fixar un período de adaptación entre este e a posible familia adoptante. Como se sinalou anteriormente, **esta modalidade non é obxecto da presente Guía.**

### 3. En función da forma de constitución:

- **Administrativo:** ditado por resolución da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, se os pais ou titores dan o seu consentimento.
- **Xudicial:** ditado polo xuíz, se algún dos pais ou titores non consenten o acollemento do menor.
- **Provisional:** non podemos consideralo propiamente unha modalidade de acollemento, senón unha situación transitoria que se produce cando os pais ou titores non consenten o acollemento e, polo tanto, debe ser o xuíz o que o constitúa. Nestes casos, mentres non se produza a resolución xudicial correspondente, poderase acordar un acollemento familiar provisional, por resolución administrativa.

### 4. En función da retribución:

- **Non remunerados:** son acollementos en familia extensa para os que o Equipo Técnico do Menor valora que non é precisa unha remuneración.



- **Remunerados:** son acollementos aos que a Administración asigna unha retribución mensual.

Retribúense todos os acollementos en familia allea e, ademais, aqueles de familia extensa nos que se valore como necesario.

Os acollementos remunerados poden ser:

- Normais: cando o menor non presenta ningunha característica física ou psíquica que orixine a necesidade duns cuidados ou atencións especiais.

Nestes casos, establécese unha contía mensual que é determinada pola idade do menor.

- Especiais: cando o menor presenta algunha característica física ou psíquica (minusvalía grave, anticorpos VIH, trastornos de conduta, etc.) que orixina a necesidade duns cuidados ou atencións especiais. Nestes casos, a remuneración á familia é normalmente superior.

## 5. En función do tipo de convivencia entre menor e acolledores:

- **De convivencia plena:** os acolledores ocúpanse as 24 horas do día os 7 días da semana do menor acollido.
- **De fin de semana e/ou vacacións:** desenvólvese durante os fins de semana e os períodos vacacionais.
- **De día/noite:** o acollemento ten lugar durante o día, regresando o menor coa súa familia de orixe pola noite, ou viceversa.

Os acollementos de fins de semana/vacacións ou de día/noite poden non implicar a separación entre o menor e os seus pais, senón constituír unha medida de apoio para facilitar a súa permanencia na súa familia e no seu contorno.



## **MODALIDADES DE ACOLLEMENTO FAMILIAR**

### **→ Vinculación menor-familia acogedora**

- Familia extensa
- Familia aliea

### **→ Finalidade**

- Simple
- Permanente
- (Preadoptivo)

### **→ Forma de constitución**

- Administrativo
- Xudicial
- (Provisional)

### **→ Retribución**

- Non remunerados
- Remunerados (normais e especiais)

### **→ Convivencia**

- Convivencia plena
- Fin de semana e/ou vacacións
- Día/noite



## Que menores poden ser acollidos

---

Poden ser acollidos os menores non emancipados que, en virtude da súa problemática persoal, social ou familiar teñan que ser separados temporalmente das súas familias de orixe.

As características dos menores acollidos son, polo tanto, moi variables.

**As situacións que poden dar orixe a un acollemento familiar son:**

- **Menores declarados en desamparo.** A Xunta de Galicia (ou entidade pública doutra comunidade autónoma, se fora o caso) asume a tutela e delega a garda do neno, nena ou adolescente na familia acolledora.
- **Menores en garda administrativa ou xudicial** a solicitude dos seus pais ou titores cando por circunstancias graves non poidan coidalos (e así o estime a entidade pública) ou porque así o determine o xuíz. A Administración asume a garda do menor e a delega na familia acolledora.
- **Familias en situacións de risco** para as que o acollemento poida constituír unha medida de apoio que permita a permanencia do menor no fogar.

Unha situación que merece especial atención é a da **garda de feito**, isto é, aquela situación regulada polo dereito civil mediante a que unha persoa ou familia, co consentimento expreso ou tácito dos titulares da patria potestade, faise cargo dun neno, nena ou adolescente.

Nas situacións de garda de feito das que se teña coñecemento, tanto por solicitude dos propios gardadores como por calquera outro medio, os Equipos Técnicos do Menor farán unha valoración da situación actual e dos antecedentes para decidir se hai desprotección e se é preciso ou non formalizar un acollemento familiar.



### **Situacións que poden dar orixe a un acollemento familiar**

- **Menores declarados en desamparo.**
- **Menores en garda administrativa ou xudicial.**
- **Familias en situación de risco para as que o acollemento poida constituír unha medida de apoio.**

## A actuación dos servizos sociais e dos Equipos Técnicos de Menores da Xunta de Galicia

---

Os **servizos sociais comunitarios básicos**, de carácter local, constitúen a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias. Son aqueles que cumpren a función de identificar os grupos de poboación vulnerables e de detectar precozmente as situacións de risco.

Son, polo tanto, os que normalmente detectan a situación de risco ou desamparo para un menor e, cando procede, derivan o caso aos Equipos Técnicos de Menores da Xunta de Galicia. A problemática tamén pode ser detectada por outras instancias do ámbito policial, sanidade, ensinanza... ou directamente por calquera particular.

Noutros casos, son os propios menores ou os seus pais/titores os que contactan directamente cos Equipos Técnicos de Menores para expoñer a súa situación.

Por tanto, o expediente de desprotección do menor **nos servizos sociais especializados** pode iniciarse de oficio pola propia Administración ou a instancia da persoa interesada.

Os **equipos técnicos de menores da provincia** realizan entón unha análise da situación e, cando detectan a necesidade de separar temporalmente ao neno, nena ou adolescente da súa familia de orixe (sexa por iniciativa propia ou por solicitude dos pais/titores),

valoran o caso e seleccionan o recurso máis axeitado, **dándolle prioridade**, como criterio técnico, **ao acollemento familiar sobre o residencial**, especialmente para os máis pequenos. Non obstante, sempre que é posible, téntase manter o menor no seu núcleo ou medio familiar ou contorno de orixe, agás que non sexa conveniente para o seu interese.

Todas as actuacións da Xunta en situacións de desprotección social dos menores, estarán guiadas polo **principio de intervención mínima**, isto é, a prioridade da actuación no contorno familiar do neno, nena ou adolescente para evitar, sempre que sexa posible, a separación deste.

**O labor dos servizos sociais é imprescindible para atopar unha familia acolledora.** Os profesionais han de participar activamente na busca activa de familias no contorno do menor, valorando os recursos dispoñibles e axeitados e removendo os posibles obstáculos que impiden que o menor permaneza no seu contorno.

Unha vez atopada a familia acolledora, é fundamental que os profesionais dos servizos sociais comunitarios e dos Equipos Técnicos do Menor convenzan e **promovan a aceptación do acollemento por parte da familia do menor, xa que constitúe un factor de éxito fundamental cara a acadar a posterior reunificación familiar.** Evitarase, polo tanto, dentro do posible, a formalización dun acollemento familiar naqueles casos nos que exista un rexeitamento frontal da familia do menor aos acolledores.

**Os criterios que guían a actuación dos equipos técnicos de menores**, segundo o establecido na Lei 3/2011, son os seguintes:



- a) Dar prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.
- b) Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns e procurar o seu acollemento por unha mesma familia.
- c) Favorecer a permanencia do menor no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza en familia extensa, agás que non sexa aconsellable para o interese do propio menor ou dos menores da familia acolledora.
- d) Fomentar as relacións entre o menor e a súa familia natural para posibilitar a súa reintegración a esta.
- e) Manter a medida polo tempo estritamente necesario.
- f) Fomentar a integración do menor no contorno social e a asistencia aos sistemas educativos, sanitarios e laborais.
- g) Co obxecto de facilitar a integración do menor nunha familia pódese compatibilizar o acollemento residencial e o familiar.

Unha vez constituído o acollemento é fundamental realizar un seguimento da súa evolución. A fonte fundamental de información serán novamente os servizos sociais dos concellos, polo que se fai **imprescindible lograr unha boa cooperación e coordinación entre estes e os equipos técnicos de menores provinciais.**



- O labor dos servizos sociais comunitarios é fundamental para atopar unha familia acolledora no contorno do menor e para realizar o seguimento da súa evolución.
- É imprescindible lograr unha boa colaboración e cooperación entre os servizos sociais e os equipos técnicos de menores para garantir a protección dos nenos, nenas e adolescentes que residen ou se atopan temporalmente en Galicia.

## Como e quen pode solicitar un acollemento familiar

---

Considérase **familia acolledora** aquela que se encarga do coidado e da educación dun ou varios nenos, nenas ou adolescentes que non poidan ou non deban estar cos seus pais e nais de forma temporal ou permanente, asumindo as obrigas de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos e procurarlles unha educación integral.

Calquera persoa, independentemente da súa idade, sexo, estado civil ou posición socio-económica que queira acoller un menor pode solicitar un acollemento familiar. A única esixencia é poder ofrecerlle temporalmente un fogar e ser **valorada idónea** para o acollemento familiar.

A persoa acolledora debe ter unha motivación axeitada; lembremos que falamos dun recurso temporal que non extingue os vínculos do menor coa súa familia de orixe, polo que non deberán orientarse ao acollemento a aqueles que desexen satisfacer a etapa biolóxica de querer ser pai ou nai. Ademais debe posuír unha boa capacidade educativa e unha actitude de colaboración, amosar respecto e aceptación do menor e das súas orixes e dispoñer do tempo necesario para o seu coidado.

Todos os membros da unidade familiar deberán aceptar voluntariamente o acollemento e a relación coa familia do menor (se é o caso).

É importante distinguir entre os acollementos en familia extensa e en familia allea:

- **Acollementos en familia extensa:** a persoa ou persoas solicitantes teñen vínculos de parentesco co neno que queren acoller (avós, tíos...). Neste caso, solicítase o acollemento dun menor en concreto.
- **Acollementos en familia allea:** a persoa ou persoas solicitantes non teñen ningún vínculo co neno que vai ser acollido, polo que a súa solicitude é xenérica, non dirixida a ningún neno en concreto. En función das súas características, prioridades e posibilidades valórase que menores poden acoller.

En Galicia, cada ano, unhas 150 familias alleas acollen menores. Periodicamente, realízanse campañas para lograr aumentar este número, aínda insuficiente. **É preciso facer un esforzo entre todos os axentes implicados para contribuir á difusión deste programa.** Moitos nenos, nenas e adolescentes poderían así evitar a súa institucionalización nun centro de menores.



*Campaña de captación de familias acolledoras alleas*

Co obxecto de dotar as familias acolledoras dunha protección especial, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, se lles outorga o carácter de **“familias de especial consideración”**, que outorga ás familias acolledoras un trato preferente en determinados ámbitos.

Para solicitar o acollemento, tanto en familia extensa como allea, é preciso **presentar a seguinte documentación**:

- Solicitud normalizada ([ver anexo](#)).
- Fotocopia DNI da/s persoa/s solicitante/s, agás que esta/s autorice/n expresamente o acceso ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) para a súa comprobación.
- Informe ou certificado médico de saúde física e psíquica conforme poden prestar unha adecuada atención ao menor. Poderase presentar certificado médico oficial ou informe médico segundo o modelo que consta no [anexo](#).
- Certificado de convivencia no que consten todas as persoas que viven no domicilio.
- Certificado literal de nacemento da/s persoa/s solicitante/s.
- Fotocopia do libro de familia, se é o caso.
- Fotocopia da última declaración da renda ou, no seu defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria.
- Certificado de antecedentes penais.

Esta documentación, dirixida á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia ha de entregarse ou remitirse á devandita xefatura territorial, á sede provincial de Cruz Vermella

(se o acollemento é en familia allea) ou á calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Os acollementos en familia extensa son valorados e xestionados polos equipos técnicos de menores das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Os acollementos en familia allea son xestionados en colaboración coa Cruz Vermella de Galicia.

En ambos os dous casos, unha vez presentada a solicitude, realízase unha valoración social e psicolóxica da/s persoa/s solicitantes que inclúe, polo menos, unha ou varias entrevistas e unha visita ao seu domicilio, para comprobar a súa idoneidade e adecuación.

Para esta valoración, poden empregarse escalas de indicadores como a que se recolle no [anexo](#), útiles tamén para o seguimento do acollemento.

Se o acollemento é para un neno ou nena en concreto en situación de ser acollido e a familia é considerada idónea, formalízase un acollemento familiar da modalidade que corresponda.

No caso de acollementos en familia allea, a familia valorada idónea pasa a formar parte dun banco de familias á espera de atopar un menor susceptible de acoller que coincida co seu perfil.



- **Calquera persoa**, independentemente da súa idade, sexo, estado civil ou posición socio-económica **pode solicitar un acollemento familiar**.
- **É precisa a colaboración de todos para lograr máis familias acolledoras alleas** que permitan que os nenos non teñan que pasar por unha institución.





## Quen debe consentir o acollemento

---

Os **pais ou titores**, a **familia acolledora** e o **menor**, se **ten 12 anos cumpridos** ou máis, deberán consentir o acollemento. Non obstante, deberase oír ao neno ou nena menor de 12 anos con madurez suficiente.

En calquera caso, sempre que se considere axeitado e con independencia da súa idade, darase audiencia ao neno, nena ou adolescente e se lle informará en que consiste a medida, para axudar ao seu mellor desenvolvemento.

Se os pais non consenten o acollemento, deberase solicitar ao xulgado a súa formalización. Mentres tanto, poderase acordar un acollemento provisional, que subsistirá mentres non se produza a resolución xudicial. Se con posterioridade (e antes de que se emita a resolución xudicial) se conseguen estes consentimentos, formalizarase un acollemento administrativo, comunicándollo simultaneamente ao xuíz.

Tamén os pais poden opoñerse á resolución administrativa que dispoña o acollemento, ante a xurisdición civil no **prazo de 2 meses**, cando consideren que a modalidade acordada non é a máis conveniente ou que existen persoas dentro da familia máis idóneas que as designadas.

Tamén teñen un prazo de 2 meses para opoñerse ás demais resolucións administrativas en materia de protección de menores. No caso da resolución administrativa pola que se declare o desamparo, o prazo para opoñerse elévase a **3 meses**.

Para reclamar ante os tribunais civís, non será necesario que presenten reclamación administrativa previa.

Durante o **prazo de 2 anos** desde a notificación da resolución administrativa pola que se declare o desamparo, os pais que continúen ostentando a patria potestade pero que a teñan suspendida están lexitimados para solicitar o cese da súa suspensión e a súa revogación, se cambian as circunstancias que a motivaron e entenden que están en condicións de asumir novamente a patria potestade. Igualmente están lexitimados durante o mesmo prazo para opoñerse ás decisións que se adopten en relación á protección do menor.

Pasados os 2 anos, cesará o seu dereito de solicitude ou oposición ás decisións ou medidas que se adopten para a protección do menor, se ben poderán facilitar información á Administración e ao Fiscal sobre calquera cambio nas circunstancias que deron lugar ao desamparo para que se tomen as decisións oportunas.

Por outra banda, a entidade pública, de oficio, ou a instancia do Fiscal ou de persoa ou entidade interesada, poderá en todo momento revogar o desamparo e decidir a volta do menor coa súa familia se non se encontra integrada de forma estable noutra familia ou se entende que é o máis adecuado en interese do neno, nena ou adolescente.

## Deben consentir o acollemento...

- Pais ou tiores
- Familia acolledora
- O menor  $\geq 12$  anos  
(se é menor e ten madurez suficiente deberá ser oído).



- Os pais teñen **2 meses** para opoñerse á resolución administrativa do acollemento e doutras medidas de protección de menores e **3 meses** para opoñerse á que declare o desamparo.
- Durante **2 anos** desde a resolución administrativa pola que se declare o **desamparo**, os pais poden **solicitar** a súa **revogación**, se cambian as circunstancias.



## A formalización do acollemento familiar

---

O acollemento, tanto en familia extensa como allea, formalízase por escrito, mediante un contrato no que se reflicten as responsabilidades de cada unha das partes, isto é, da familia acolledora e da Administración (*ver modelo no anexo*).

Se os pais consenten o acollemento asinarán previamente a súa conformidade.

Ademais dun exemplar do contrato asinado, entregárase á familia acolledora un certificado de acollemento familiar, que a recoñece como acolledora dun menor concreto para os efectos de que poidan realizar con maior facilidade e axilidade diversos trámites, así como viaxar co menor polo territorio nacional por vía terrestre, fluvial ou marítima.

A data de inicio do acollemento será a do contrato.

Nos casos nos que os pais consintan o acollemento e non sexa posible formalizalo mediante un contrato de maneira inmediata, poderase, provisionalmente, formalizar un permiso de convivencia, co obxecto de que o menor poida convivir o máis axiña posible coa familia acolledora.



→ O acollemento formalízase por escrito, mediante un **contrato**.



## A remuneración dos acollementos

---

Como se comentou no apartado de Modalidades de acollemento ([páxina 16](#)), existen acollementos remunerados e non remunerados.

A posibilidade de percibir ou non unha remuneración é determinada inicialmente pola existencia ou non de vinculación entre o menor e a familia acolledora, é dicir, polo feito de que o acollemento se desenvolva en familia extensa ou en familia allea.

### **Familia extensa:**

O equipo Técnico do Menor fará unha valoración técnica da situación da familia para determinar se é preciso dotarlle dunha axuda económica. Nesta valoración teranse en conta os ingresos íntegros da unidade familiar, o número das persoas que conviven no domicilio e o número e características dos menores que se van acoller.

### **Familia allea:**

Dado que estas familias carecen de calquera relación ou vinculación co neno, nena ou adolescente que van acoller, abóaselles sempre unha cantidade mensual, para compensar os gastos básicos que o acollemento lles ocasiona.

Pola súa banda, as contías que percibe a familia acolledora establécense en función da idade do menor acollido. Ademais, nos casos nos que o menor posúa algunha característica especial que xere a necesidade duns coidados ou atencións especiais, poderá acordarse unha remuneración máis elevada.

### **A remuneración dos acollementos**

- **Familia extensa:** o equipo técnico do menor valora se é precisa unha remuneración.
- **Familia allea:** remunéranse todos os acollementos.





## O desenvolvemento do acollemento

---

Para cada acollemento, o Equipo Técnico do Menor da provincia elabora un plan do caso no que se recollen (ademais doutros aspectos) as problemáticas existentes, os aspectos nos que é preciso intervir para facilitar o retorno do menor e o plan de intervención, con obxectivos concretos e temporalizados coa familia biolóxica, co menor e coa familia de acollida.

Tras a información inicial á familia, sempre que sexa necesario, establécese un **período de acoplamento**, coa finalidade de que familia e menor inicien e progresen na súa relación (normalmente, só é preciso en acollementos en familia allea). Se todo se desenvolve satisfactoriamente, asíñase o contrato e **iníciase a convivencia**. Durante todo o proceso e ata a finalización do acollemento, as familias reciben apoio técnico para afrontar aqueles problemas ou dificultades que poidan xurdir.

O expediente de cada menor acollido revísase, como mínimo, cada 6 meses, determinándose a pertinencia de continuar ou non a medida. Para a revisión deste expediente, os **informes dos servizos sociais dos concellos** son peza fundamental, polo que é preciso acadar unha áxil e axeitada colaboración e cooperación entre estes servizos e os equipos técnicos de menores.


O acollemento familiar do menor cesará:

- a) Por decisión xudicial (precisa cando fose constituído polo xuíz).
- b) Por decisión da entidade pública que teña a tutela ou a garda do menor, polos seguintes motivos:
  - 1. Por decisión das persoas que o teñen acollido, logo de comunicación destas á entidade pública.
  - 2. Por pedimento do titor, pai ou nai que teñan a patria potestade e reclamen a súa compañía, no caso de garda rogada.
  - 3. En calquera caso que se considere necesario para a salvagarda do interese do menor.


As causas que orixinan a finalización poden ser diversas:

- a) Por reintegración familiar do menor coa súa familia de orixe.
- b) Por elección doutra ou outras medidas de protección que se valoren como máis convenientes para o desenvolvemento do menor.
- c) Por maioría de idade do menor ou emancipación.
- d) Por solicitude do menor, se é maior de 12 anos.
- e) Por desistencia, morte ou incapacitación da familia acollidora.

## ○ DESENVOLVEMENTO DO ACOLLEMENTO



## O PROCEDIMENTO TÉCNICO EN ACOLLEMENTO FAMILIAR





## A relación entre o menor acollido e os seus pais

---

Coa finalidade de promover a reintegración familiar do neno, nena ou adolescente, procúrase fomentar a relación do menor acollido cos seus pais, sempre que sexa axeitado e conveniente para o seu interese.

O menor terá dereito a relacionarse cos seus pais, se ben no caso de estar tutelado pola xefatura territorial, esta poderá regular o réxime de visitas, atendendo ao interese do menor. Se houberse oposición dos pais, resolverá o xuíz, oído o Ministerio Fiscal.

Do plan de visitas establecido informárase convenientemente á familia acolledora, que ten a obriga de facilitar os contactos e visitas entre menor e familia de orixe.

Respecto dos demais parentes e achegados, non poderán impedirse, sen xusta causa, as relacións persoais entre estes e o menor, de acordo co disposto no Código civil, se ben tamén poderán ser regulados pola xefatura territorial, en interese do neno, nena ou adolescente.

Así mesmo, desde o inicio do acollemento, e sempre que sexa posible, traballárase a volta do menor cos seus pais, fundamentalmente mediante o Programa de integración familiar ou os programas de educación e/ou intervención familiar dos servizos sociais dos concellos.

A familia, deberá cooperar e non obstaculizar o desenvolvemento da intervención para acadar os obxectivos fixados. En caso contrario, poderán cesarse as medidas establecidas e considerarse outras (incluídas as accións xudiciais pertinentes).

- Sempre que sexa posible e conveniente, procurarase **fomentar a relación** do neno, nena ou adolescente **cos seus pais**.
- **A familia acolledora debe facilitar os contactos** entre o menor e a súa familia.



## Os acollementos profesionalizados

---

Os acollementos poderán ter carácter profesionalizado, en función das características de personalidade e especial cualificación e formación da familia acolledora e a especial problemática do neno, nena ou adolescente, xa sexa emocional, condutual, médica e/ou física.

Os acolledores profesionais son persoas cunha cualificación especial que lles permite atender a menores con especiais dificultades, percibindo unha remuneración especial, axustada ao labor que desenvolven.

→ Os acolledores profesionais son persoas cunha **cualificación destacada** para atender a nenos, nenas e adolescentes con problemáticas especiais.







## Outros beneficios para as familias acolledoras

---

Ademais dos beneficios persoais e das axudas para acollemento familiar, as familias acolledoras poden acceder a outras prestacións do sistema de galego de servizos sociais e doutros sistemas de protección.

- o **Recoñecemento da condición de familia numerosa:**

Aquelas familias nas que convivan, polo menos, 3 menores (ou 2, se un deles ten recoñecida unha discapacidade ou está incapacitado para traballar), poden solicitar o recoñecemento da condición de familia numerosa.

A estes efectos, considéranse como descendentes os menores en acollemento permanente.

O órgano competente para recoñecer esta condición é a Consellería de Traballo e Benestar.

- o **Prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos:**

Poderán acceder a ela, sempre que se cumpran os requisitos esixidos na orde de convocatoria, aquelas familias que teñan un menor de 0-3 anos acollido, con independencia da modalidade de acollemento (simple ou permanente).

É unha prestación da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

o **Prestación e permiso por maternidade/paternidade:**

Poden acceder a esta prestación da Seguridade Social, as familias acolledoras de menores en acollemento permanente e simple (sempre que, neste último caso, a súa duración non sexa inferior a 1 ano e aínda que estes acollementos sexan provisionais) que:

- Sexan menores de 6 anos.
- Teñan entre 6-18 anos e un grao de discapacidade  $\geq 33\%$ .
- Sexan menores que, polas súas circunstancias e experiencias persoais ou por provir do estranxeiro teñan especiais dificultades de inserción social e familiar, debidamente acreditados polo servizo social competente.

## Onde informarse

---

### ACOLLEMENTO FAMILIAR EN FAMILIA EXTENSA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E MENORES  
SERVIZO DE PROTECCIÓN DE MENORES**

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981 544 630 • Fax: 981 957 591

**XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Avda. Salvador de Madariaga, 9-1º  
15008 A CORUÑA  
Teléfono: 981 185 704 • Fax: 981 185 737

**XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Ronda da Muralla, 70  
27071 LUGO  
Teléfono: 982 294 442 • Fax: 982 294 386

**XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Rúa Saénz Díez, nº 39-baixo  
32003 OURENSE  
Teléfono: 988 386 121 • Fax: 988 386 131

**XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Concepción Arenal, 8 -1º  
36201 VIGO  
Teléfono: 986 817 044 • Fax: 986 817 049

## ACOLLEMENTO FAMILIAR EN FAMILIA ALLEA

Teléfono de información ás familias

Cruz Vermella

**900 812 880**

Gratuito



**Cruz Vermella**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

### SEDES PROVINCIAIS DE CRUZ VERMELLA EN GALICIA

#### **A CORUÑA**

r/ Cruz Roja Española, 1  
15002 A Coruña  
Teléfono: 981 221 000

Avda. Lugo, s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 586 969

#### **LUGO**

Avda. de Madrid, s/n  
27002 Lugo  
Teléfono: 982 231 613

#### **OURENSE**

r/ Díaz de la Banda, 40  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 222 484

#### **PONTEVEDRA**

r/ Cruz Vermella, 26  
36002 Pontevedra  
Teléfono: 986 852 115

### **SUBDIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E MENORES SERVIZO DE PROTECCIÓN DE MENORES**

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981 544 630 • Fax: 981 957 591

#### **XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Avda. Salvador de Madariaga, 9-1º  
15008 A CORUÑA  
Teléfono: 981 185 704 • Fax: 981 185 737

#### **XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Ronda da Muralla, 70  
27071 LUGO  
Teléfono: 982 294 442 • Fax: 982 294 386

#### **XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Rúa Saénz Díez, nº 39-baixo  
32003 OURENSE  
Teléfono: 988 386 121 • Fax: 988 386 131

#### **XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO**

SERVIZO DE FAMILIA E MENORES  
Concepción Arenal, 8 -1º  
36201 VIGO  
Teléfono: 986 817 044 • Fax: 986 817 049

## **INTERNET:**

- **Xunta de Galicia – Programas de Protección á Infancia**  
<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-infancia>  
Apartado “Plans e Programas”
- **Xunta de Galicia – Guía do Cidadán**  
<http://www.xunta.es/catalogo-de-procedementos?codCons=BS&codProc=401G>
- **Acollemento en familia allea (Programa familias acolledoras)**  
<http://www.acollementofamiliar.org>
- **MATIASS (só para usuarios con clave de acceso)**  
<http://matiaass.xunta.es>



## Legislación aplicable

---

- [Código Civil. Arts.: 172-174](#)
- [Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.](#) (Sección 4ª) (DOG nº 124 do 29/06/2006).
  - [Corrección de erros](#) (DOG nº 189 do 29/09/2006).
  - Modificados os artigos 6, 25 (relativo ao cesamento do acollemento) e 26, pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.(DOG nº 134 do 13/07/2011).
- [Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.](#)(DOG nº 134 do 13/07/2011).
- [Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.](#) (DOG nº 45, do 06/03/2000).
  - Modificado polo [Decreto 406/2003, do 29 de outubro](#) (DOG nº 222 de 14/11/2003) - [Corrección de erros](#) (DOG nº 235 do 03/12/2003).
  - Título III derrogado pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG nº 134 do 13/07/2011).







**Anexos**



PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO FAMILIAR</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS401G</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PRIMEIRA PERSOA SOLICITANTE**

DON/DONA		DATA DE NACEMENTO
LUGAR	ESTADO CIVIL	DNI
NACIONALIDADE	NIVEL DE ESTUDOS	PROFESIÓN

**DATOS DA SEGUNDA PERSOA SOLICITANTE**

DON/DONA		DATA DE NACEMENTO
LUGAR	ESTADO CIVIL	DNI
NACIONALIDADE	NIVEL DE ESTUDOS	PROFESIÓN

DOMICILIO FAMILIAR	PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DOMICILIO	TELÉFONO 2 (INDICAR: MÓBIL, TRABALLO...)
		CORREO ELECTRÓNICO

**SOLICITAN:**

Que sexa atendida a súa petición de acollemento familiar, comprometéndose a poñer a disposición deste organismo todos os documentos acreditativos que lles sexan requiridos.

Solicitude para un menor concreto (Familia extensa)

Solicitude xenérica (Familia allea)

**DATOS DO/A MENOR (cumprimentar só en caso de acollemento en familia extensa)**

NOME DO/A MENOR		DATA DE NACEMENTO
NOME DO PAI	NOME DA NAI	
DOMICILIO DOS PAIS		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
		TELÉFONO

Autorizo á Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia.  SI  NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoos de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede/s pode/n exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro.</i></p> <p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____ de _____ de _____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE								
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA								
	DATA DE EFECTOS								
	DATA DE SAÍDA								

Xefe/a Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en \_\_\_\_\_

*ANEXO I*

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Certificado ou informe médico.
- Certificado de convivencia no que consten tódalas persoas que viven no domicilio.
- Certificación literal de nacemento da/s persoa/s solicitante/s.
- Libro de familia, se é o caso.
- Fotocopia da última Declaración do I.R.P.F. ou, no seu defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria.
- Certificado de antecedentes penais.

(Outros, indicar):

- 
- 

Ademais, se a/s persoa/s solicitante/s non asina/n o consentimento para que a entidade tramitadora comprobe os seus datos:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.



## INFORME MÉDICO ACOLLEMENTO FAMILIAR

(a cumprimentar polo facultativo)

### RECOÑECEMENTO EFECTUADO POLO/A DOUTOR/A:

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

colexiado/a en \_\_\_\_\_ co N<sup>o</sup> \_\_\_\_\_

e con centro de traballo profesional en \_\_\_\_\_

ao/á solicitante de acollemento D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos de idade

### INFORMA:

¿Padece enfermidade infecto-contaxiosa? Si  Non

¿Padece enfermidade en estado terminal? Si  Non

¿Padece algún tipo de conduta aditiva?  
(en caso afirmativo indicar cal) \_\_\_\_\_ Si  Non

### TIPO DE PATOLOXÍA (en caso de existir):

SÍ	GRADO DE AFECTACIÓN			
	Lixeira	Moderada	Grave	Moi Grave
<input type="checkbox"/> Musculoesquelética	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Neurolóxica	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Respiratoria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Cardiovascular	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Hematopoética	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Dixestiva	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Xenitourinaria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Endocrina	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Neoplasia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Visual	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Auditiva	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Linguaxe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Retraso Mental	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Enfermidade mental	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

### DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO:

### OBSERVACIÓNS:

En caso de padecer trastornos psico-afectivos ¿están compensados coa medicación? Si  Non

### CONCLUSIÓN:

E para que así conste para os efectos oportunos e a da persoa interesada asino o presente informe:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201



## CONTRATO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR SIMPLE/PERMANENTE/PROVISIONAL <sup>1</sup>

Na cidade de \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

### REUNIDOS

Dunha parte D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ xefe/a territorial da Consellería de  
Traballo e Benestar en \_\_\_\_\_, con D.N.I. nº \_\_\_\_\_

E doutra D. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
e D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
con enderezo na rúa \_\_\_\_\_

### ACORDAN

Formalizar o ACOLLEMENTO FAMILIAR SIMPLE/PERMANENTE/PROVISIONAL <sup>1</sup> do/a menor  
\_\_\_\_\_ nado/a o día \_\_\_\_\_ inscrito/a no Rexistro  
Civil de \_\_\_\_\_ como fillo/a de \_\_\_\_\_ e de  
\_\_\_\_\_, que manifestaron mediante escrito de data  
\_\_\_\_\_ o seu consentimento á constitución do referido acollemento <sup>2</sup>, a través do  
"Programa de Familias Acolledoras da Cruz Vermella de Galicia"// en familia Extensa <sup>1</sup>, nas  
condicións que se expresan a continuación e que serán as que rexan a acollida.

### CONDICIÓN XERAIS

#### Primeira.- NORMATIVA DE APLICACIÓN:

O presente contrato regularase segundo o establecido no Código Civil, na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.



### **Segunda.- VIXENCIA E CARÁCTER:**

O acollemento que se constitúe comezará na data da sinatura do presente contrato e finalizará cando concorran calquera das causas mencionadas nos artigos 173.4 do Código Civil e 25 da Lei 2/2006 <sup>3</sup>.

En calquera caso, o seu carácter será transitorio mentres non se reintegra ao/á menor no seo da súa familia ou non se adopta algunha medida de protección que revista un carácter máis estable <sup>4</sup>.

O presente acollemento non dá dereito a adoptar ao/á menor acollido/a.

### **Terceira.- CONCORRENCIA DE VONTADES:**

O acollemento constitúese por proposta do Equipo Técnico do Menor de data \_\_\_\_\_, aceptando a solicitude e consentimento de D. \_\_\_\_\_ e D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ e co consentimento dos seus pais <sup>2</sup>.

Así mesmo, prestou o seu consentimento o/a menor con 12 anos cumpridos // foi escoitado/a o/a menor de menos de 12 anos ao ter suficiente madurez, en comparecencia de data \_\_\_\_\_, que se achega a este contrato <sup>1</sup>.

### **Cuarta.- COMPROMISOS DOS ACOLLEDORES:**

D. \_\_\_\_\_ e D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_  
asumen as obrigas de velar polo/a menor, telo/a na súa compañía, alimentalo/a, educalo/a e procurarlle unha formación integral, baixo a vixilancia do Equipo Técnico do Menor deste Servizo Territorial. Para estes efectos comprométense:

#### **A. Con respecto ao/a menor:**

1. Proporcionarlle alimentación, teito e equipamento preciso e axeitado, non obrigándoo/a a realizar traballos impropios da súa idade.
2. Velar polo seu desenvolvemento físico e mental, aportándolle a seguridade e o agarimo dun fogar, procurando o seu espertar intelectual e afectivo para preparalo/a para unha boa integración na sociedade.
3. Facelo/a participar plenamente na vida en familia.
4. Procurar a súa integración no sistema educativo, asistíndoo en colaboración cos profesores no traballo escolar e no desenvolvemento nos estudos, así como a súa formación integral.
5. Respetar as regras de hixiene corporal e mental.
6. Proporcionarlle calquera atención médica que precise, incluíndo a hospitalización, sempre que sexa necesaria e urxente. Se é o caso, deberá comunicalo coa maior brevidade posible á Entidade Pública. Para a atención médica do/a menor acollido/a deberá utilizar, se fose necesario, a cobertura sanitaria de que dispón o/a neno/a e que a familia biolóxica ten a obriga de poñer a súa disposición.
7. Respetar a súa relixión.
8. Protexelo/a de todas as dificultades que puideran presentarse no tempo de vixencia deste contrato.



### **B. Con respecto á Administración:**

A familia acollidora deberá obrar en todo momento con espírito de aberta colaboración e así:

1. Avisará sen tardanza ao responsable territorial de menores da Consellería de Traballo e Benestar de todo incidente ou accidente ocorrido ao/a menor, das peculiaridades do seu carácter e a evolución do seu comportamento.
2. Aceptarán as instrucións dadas polo Servizo de Menores.
3. Colaborará cos Servizos Sociais de Atención Primaria.
4. Aceptarán e facilitarán as visitas das persoas representantes da Administración.
5. Non entregará ao/a menor á súa familia biolóxica, nin a terceiros, sen acordo do Servizo de Menores. A este respecto, advírteselle expresamente que, segundo establece o artigo 231 do Código Penal, constitúe delito a entrega do/a menor ben a un terceiro, ben a un establecemento público, sen o consentimento de quen llo confiara.
6. Manterá discreción absoluta durante a vixencia do contrato e despois da súa finalización, respecto dos datos que coñeza sobre o/a neno/a e a súa familia.
7. Anotará todas as manifestacións da familia biolóxica (chamadas telefónicas, saídas, visitas do/a neno/a), indicando as súas direccións e conservando cartas e sobres.

### **C. Con respecto á familia biolóxica:**

1. Facilitará ao máximo o contacto do/a menor coa familia biolóxica, respectando o réxime de visitas establecido entre eles, ou pola Entidade Pública se estes non chegaran a un acordo.
2. Facilitará as relacións entre os irmáns/ás do/a menor acollido/a e manterase ao marxe dos eventuais conflitos existentes no seo da súa familia biolóxica, salvo que estes afectaran de forma prexudicial ao/a menor.

### **Quinta.- COMPROMISO DE NON ADOPCIÓN <sup>4</sup>**

A familia acollidora comprométese a non solicitar a adopción do/a menor/es acollido/s mentres dure o acollemento.

### **Sexta.- RÉXIME DE VISITAS:**

A.- ( ) A familia acollidora comprométese a facilitar as visitas coa familia biolóxica do/a menor, que terán lugar cunha periodicidade de

\_\_\_\_\_ en  
\_\_\_\_\_.

B.- ( ) O Equipo Técnico do Menor non estima conveniente, dada a situación actual da familia biolóxica e do/a menor e en beneficio do superior interese deste/a, establecer un réxime de visitas mentres non se modifiquen as circunstancias actuais.



#### **Sétima.- DESPRAZAMENTOS:**

Se autoriza ás persoas acolledoras a realizar viaxes co/a menor polo territorio nacional, por razóns de ocio ou vacacións. Non obstante, para os desprazamentos en avión será necesario que soliciten á Policía Nacional unha autorización <sup>5</sup>// Os pais ou titores terán que autorizar ás persoas acolledoras a realizar viaxes co/a menor polo territorio nacional, por razóns de ocio ou vacacións. Non obstante, para os desprazamentos en avión será necesario que ás persoas acolledoras soliciten á Policía Nacional unha autorización<sup>6</sup>

Para realizar desprazamentos fóra do territorio nacional, será necesario que as persoas acolledoras soliciten autorización expresa da Entidade Pública, para os efectos de solicitar a oportuna autorización á Policía Nacional.

En todo caso, as persoas acolledoras quedan obrigadas a velar pola seguridade do/a menor.

#### **Oitava.- REMUNERACIÓN:**

A.- ( ) Este acollemento non ten carácter remunerado.

B.- ( ) Este acollemento será remunerado con cargo á Entidade Pública para axudar á familia acollidora nas obrigas asumidas.

A axuda terá unha duración de \_\_\_\_\_ (podendo ser prorrogada por proposta do Equipo Técnico do Menor) e a súa contía ascenderá a \_\_\_\_\_ Euros/mes, ( \_\_\_\_\_ Euros/mes a partir do mes de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_) podendo variar por circunstancias da familia e/ou do/a menor ou por modificación das contías establecidas pola Administración para o acollemento familiar de menores <sup>7</sup>.

#### **Novena.- RESPONSABILIDADE:**

A Entidade Pública será responsable civil dos danos que **o/a** menor poida causar a terceiros, agás que a responsabilidade persoal da familia estivese comprometida.

#### **Décima.- CARÁCTER PROFESIONALIZADO:**

A.- ( ) As persoas acolledoras actúan con carácter profesionalizado.

B.- ( ) As persoas acolledoras non actúan con carácter profesionalizado.





**Undécima.- ORIENTACIÓN E APOIO TÉCNICO:**

O Servizo Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, a través do Equipo Técnico do Menor ocuparase de ofrecer a D. \_\_\_\_\_  
e D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ todo o apoio técnico e orientación  
que precise en relación coa atención ao/á menor.

O Servizo de Menores, comprobará, polo menos semestralmente, a situación do/a menor e o cumprimento dos compromisos adquiridos, en particular o réxime de visitas e a evolución do menor acollido/a, e promoverá as medidas de protección que estime necesarias.

En proba de conformidade asinan o presente documento as partes intervenientes, no lugar e data indicados.

O/A xefe/a territorial

A familia acolledora

D./D<sup>a</sup>.: \_\_\_\_\_

D. \_\_\_\_\_

D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

<sup>1</sup> Sinalar o que proceda.

<sup>2</sup> Eliminar nos acollementos provisionais.

<sup>3</sup> Artigos 173.3 do Código Civil e 22.2 da Lei 2/2006, nos acollementos provisionais.

<sup>4</sup> Só nos acollementos simples.

<sup>5</sup> Se o ou a menor está tutelado/a.

<sup>6</sup> Se o ou a menor está en garda.

<sup>7</sup> Elimínase o parágrafo se o acollemento é non remunerado.



# INDICADORES DE VALORACIÓN DE FAMILIAS ACOLLEDORAS

## FAMILIA EXTENSA

### A. DATOS PERSOAIS E SOCIODEMOGRÁFICOS

FAVORABLE

RISCO

ALTO RISCO

#### Composición familiar: idade dos membros da familia acollidora

- |   |   |   |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> Idade dos acolledores entre 40-55 anos.                                | <input type="checkbox"/> A familia atópase na etapa do “niño vacío” (parella con fillos emancipados). | <input type="checkbox"/> Idade dos acolledores superior a 55 anos.                |
| <input type="checkbox"/> Todos os membros da unidade familiar son maiores que o menor acollido. |   | <input type="checkbox"/> Algún membro da unidade familiar é menor que o acollido. |

#### Persoas que conviven na casa

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> Familia acollidora con fillos. | <input type="checkbox"/> Algunha persoa do núcleo familiar require unha atención moi específica. | <input type="checkbox"/> Familia acollidora sen fillos. |
|---|--|---|

#### Localidade de residencia

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> En concello distinto ao dos pais biolóxicos do menor, mais non afastado del. | <input type="checkbox"/> No mesmo concello que os pais biolóxicos do menor.    | <input type="checkbox"/> En concello moi afastado do dos pais biolóxicos do menor e mal comunicado.           |
| <input type="checkbox"/> En concello ben comunicado e accesible aos técnicos.                         | <input type="checkbox"/> Concello ben comunicado, pero moi lonxe dos técnicos. | <input type="checkbox"/> Concello con escasos recursos de apoio.  |
| <input type="checkbox"/> Bos equipamentos urbanos (parques, xardíns...), educativos e sociais.        | <input type="checkbox"/> Escasos equipamentos urbanos, educativos e sociais.   | <input type="checkbox"/> Entorno de alto risco (violencia, baixo nivel económico, cultural, delincuencia...). |
|   |  | <input type="checkbox"/> Inestabilidade residencial.  |

#### Suficiencia económica

- |  |  |  |
|--|--|--|
| <input type="checkbox"/> Renta per cápita suficiente/superior para cubrir todas as necesidades familiares. | <input type="checkbox"/> Os ingresos acadan para cubrir as necesidades básicas, porque hai algún membro da unidade familiar que ten traballo estable o porque cobran algunha prestación o pensión. | <input type="checkbox"/> Carencia de recursos suficientes para cubrir as necesidades básicas (ingresos irregulares e discontinuos ou axudas insuficientes) |
|--|--|--|

#### Saúde

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> Sen enfermidades graves crónicas físicas e/ou psíquicas nin que requiran hospitalización ou coidados especiais. | <input type="checkbox"/> Algún membro da familia ten algunha enfermidade física e/ou psíquica grave ou incapacitante, pero está a tratamento e/ou non supón unha sobrecarga para a familia. | <input type="checkbox"/> Un ou máis membros da familia padece enfermidade física e/ou psíquica que precisa tratamentos e coidados prolongados e/ou agresivos e hospitalizacións frecuentes. |
|  |   | <input type="checkbox"/> Algún membro da familia con enfermidade terminal ou con pronóstico de morte.   |

#### Adicións

- |   |   |   |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> Sen antecedentes de adicción nin adicións actuais en ningún membro da unidade de convivencia (alcohol, drogas, xogo, sexo...). | <input type="checkbox"/> Antecedentes de adicción nalgún membro da familia, superados nun período mínimo de 5 anos ou en tratamento ou seguimento con resultados positivos. | <input type="checkbox"/> Algún membro da familia presenta adicións graves na actualidade. |
|---|---|---|

#### Disponibilidade para atender á vida familiar

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> Algún membro da familia ten dispoñibilidade e dedicación suficientes para cubrir as necesidades. | <input type="checkbox"/> Algún membro da familia ten dispoñibilidade e dedicación parcial, pero suficiente e/ou dispoñen dunha rede social de apoio. | <input type="checkbox"/> Algún membro da familia ten dispoñibilidade e dedicación parcial, pero insuficiente en calidade e cantidade, e non posúen unha rede social de apoio. |
| <input type="checkbox"/> Existe rede de apoio social e familiar.  |  |   |



## B. COBERTURA DAS NECESIDADES BÁSICAS

### FAVORABLE

### RISCO

### ALTO RISCO

#### Alimentación

- |  |  |   |
|--|--|---|
| <input type="checkbox"/> Organización familiar axeitada para responder ás necesidades alimentarias (alimentación variada, equilibrada e axeitada á idade e necesidades). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada ou insuficiente das necesidades alimentarias (horarios desorganizados, alimentación pouco equilibrada e variada), pero existe capacidade para buscar e asumir axudas para superalo. | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada e insuficiente das necesidades alimentarias e sen capacidade para buscar ou asumir axudas para superalo (só se come unha vez ao día, antecedentes de trastornos alimentarios, evidencias físicas dunha mala alimentación). |
|--|--|---|

#### Vestido

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> Organización familiar axeitada para responder ás necesidades de vestimenta (adaptación ás condicións climatolóxicas, á talla e hixiene). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada ou insuficiente das necesidades de vestimenta (desaxeitada á idade, actividades e hixiene), pero existe capacidade para buscar e asumir axudas para superalo. | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada e insuficiente das necesidades de vestimenta e sen capacidade para buscar ou asumir axudas para superalo (falta extrema de hixiene, desaxeitada para a idade e condicións climatolóxicas). |
|---|--|---|

#### Saúde

- |   |   |   |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> Organización familiar axeitada para responder ás necesidades de saúde (hixiene, seguimento dos controis pediátricos e das prescricións médicas). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada ou insuficiente das necesidades de saúde, pero existe capacidade para buscar e asumir axudas para superalo (abuso das unidades de urxencias como único centro sanitario e non hai un seguimento pediátrico regular acorde á idade do menor). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada e insuficiente das necesidades de saúde e sen capacidade para buscar ou asumir axudas para superalo (nulo seguimento de control pediátrico nin das prescricións médicas e administración de fármacos sen prescrición). |
|---|---|---|

#### Vivenda

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <input type="checkbox"/> Organización familiar axeitada para responder ás necesidades de vivenda (existen espazos diferenciados, segundo a súa función, un espazo ou habitación propia para o menor acollido e unha boa hixiene, ventilación e climatización no fogar). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada ou insuficiente das necesidades de vivenda, pero existe capacidade para buscar e asumir axudas para superalo (problemas leves de espazo ou habitabilidade, pero cun grande desorde, sucidade ou animais domésticos mal coidados). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada e insuficiente das necesidades de vivenda e sen capacidade para buscar ou asumir axudas para superalo (falta de espazo habitable por todos os membros da familia, falta de hixiene extrema, amoreamento e falta de luz, auga e equipamento). |
|---|--|---|

#### Educación

- |   |  |  |
|---|--|--|
| <input type="checkbox"/> Organización familiar axeitada para identificar, anticiparse e responder de forma axeitada ás necesidades básicas educativas (organización e hábitos correctos na dinámica familiar, transmisión de pautas e modelos axeitados, asistencia, puntualidade e colaboración coa escola, estimulación e motivación educativa...). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada ou insuficiente das necesidades básicas educativas dos fillos ou menores acollidos, pero existe capacidade para buscar e asumir axudas para superalo (falta algún día á escola sen xustificación, retraso na adquisición do material escolar, negativa a incorporar ao neno ás actividades de tempo libre). | <input type="checkbox"/> Cobertura desaxeitada e insuficiente das necesidades básicas educativas dos fillos ou menores acollidos e sen capacidade para buscar ou asumir axudas para superalo (absentismo escolar repetido sen xustificación, despreocupación polo rendimento escolar en particular e pola vida escolar do menor en xeral, transmisión de pautas desaxeitadas ou modelos violentos...). |
|---|--|--|



## C. ESTRUCTURA E DINÁMICA FAMILIAR

FAVORABLE

RISCO

ALTO RISCO

### Relacións entre os membros da parella acolledora

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> Clima de diálogo con recursos persoais para facer fronte ás dificultades e/ou necesidades individuais, de parella ou familia, respecto polas opinións dos demais membros, capacidade para consensuar decisións e afectividade manifestada. | <input type="checkbox"/> Boa relación e respecto mutuo, pero sen diálogo ante as dificultades, tomándose as decisións sen ter en conta as opinións dos demais membros da familia.<br><input type="checkbox"/> Ante a crise na parella, hai capacidade para pedir axuda profesional.<br><input type="checkbox"/> Non son frecuentes as manifestacións de afecto entre a parella.<br><input type="checkbox"/> Non comparten o ocio nin o tempo libre. | <input type="checkbox"/> Relación con conflitos e discusións continuadas sen motivo aparente, toman decisións por imposición, de forma autoritaria ou arbitraria (sen diálogo), hai continuas rupturas, acercamentos e distanciamentos, ausencia total de afecto e/ou uso da violencia verbal, física e psicolóxica. |
|---|---|--|

### Historia ou antecedentes de maltrato

- |  |  |   |
|--|--|---|
| <input type="checkbox"/> Non existen antecedentes nin historial de malos tratos en ningún membro da familia acolledora.<br><input type="checkbox"/> Teñen capacidade para identificar e decatarse dun maltrato, tanto dentro como fora da familia. | <input type="checkbox"/> Existen antecedentes ou historial de malos tratos na familia acolledora, pero non persisten na actualidade. | <input type="checkbox"/> Existe historial de malos tratos, que son reproducidos na actualidade polos acolledores nos seus descendentes ou entre a parella acolledora.<br><input type="checkbox"/> Existe historial ou antecedentes de malos tratos, pero están a tratamento na actualidade. |
|--|--|---|

### Comunicación, resolución de conflitos, estilos...

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> A familia ten unha boa capacidade de comunicación e resolución de conflitos.<br><input type="checkbox"/> O estilo de toma de decisións é democrático e negocian as normas de convivencia (delimitan os espazos, as funcións e actividades dos membros da familia). | <input type="checkbox"/> Os membros da familia teñen dificultades leves para a comunicación e a resolución de conflitos (non adoitan falar/dialogar sobre os seus problemas, pero en presenza de conflitos son capaces de afrontalos no seo da familia).<br><input type="checkbox"/> Ás veces o pai/nai acolledor/a ten condutas autoritarias ou permisivas.<br><input type="checkbox"/> Os acolledores sempre dan prioridade ás necesidades dos nenos por riba das súas. | <input type="checkbox"/> Os membros da familia acolledora teñen dificultades importantes para comunicarse (comunicación agresiva) e resolver conflitos (incapacidade para negociar).<br><input type="checkbox"/> Empregan un estilo autoritario ou permisivo de forma permanente.<br><input type="checkbox"/> Os adultos sempre dan prioridade ás súas necesidades por riba das dos nenos. |
|---|---|--|

### Participación na comunidade. Interrelación co entorno

- |   |   |   |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> Os acolledores participan nalgunha asociación vecinal, cultural ou deportiva ou nas actividades que se organizan no seu barrio ou comunidade.<br><input type="checkbox"/> Dispoñen dunha ampla rede de apoio social, caracterizada por relacións estables e satisfactorias con amigos, veciños e familiares.<br><input type="checkbox"/> Preocúpase das necesidades comunitarias e respectan os bens comunitarios. | <input type="checkbox"/> A familia presenta dificultades na interrelación co seu entorno, non participa en asociacións nin dispón de rede social, pero en situacións de dificultade amosou capacidade para pedir axuda e resolver as súas necesidades.<br><input type="checkbox"/> As súas relacións se centran principalmente no seu entorno familiar. | <input type="checkbox"/> A familia presenta unha situación social de illamento e non se relaciona nin cos seus veciños nin cos seus familiares; ás veces incluso manteñen relacións conflitivas, provocando o rexeitamento.<br><input type="checkbox"/> Os membros da familia non empregan e/ou rexeitan os Servizos Sociais.<br><input type="checkbox"/> Non respectan os bens públicos.<br><input type="checkbox"/> Existe unha fusión entre o familiar e o veciñal. Non hai privacidade, a súa vida é pública e sempre hai veciños no fogar. |
|---|---|---|



## D. RELACIÓN DA FAMILIA ACOLLEDORA CO MENOR E COA SÚA FAMILIA BIOLÓXICA

### FAVORABLE

### RISCO

### ALTO RISCO

#### Relación entre o menor e os acolletores

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Teñen unha relación positiva, amosan en público un vínculo afectivo mutuo (que existía antes do acollemento) e coñécense ben.</li><li><input type="checkbox"/> O menor recorre aos acolletores ante problemas importantes.</li><li><input type="checkbox"/> Os acolletores comprenden a situación e características do menor e teñen unhas expectativas realistas sobre a duración do acollemento. Boa predisposición ao acollemento (aceptación das súas obrigas).</li><li><input type="checkbox"/> Presenza dunhas estratexias educativas axeitadas ao comportamento do menor.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Teñen unha relación difícil, xa que case non se coñecen e, polo tanto, hai unha escasa vinculación afectiva mutua.</li><li><input type="checkbox"/> O menor síntese nun conflito, por lealdade, entre a familia biolóxica e a acollidora, existindo unha apropiación indebida do neno (os acolletores non deixan que se relacione con outros familiares).</li><li><input type="checkbox"/> Aplicación das estratexias educativas de xeito inconsistente.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Preséntase unha relación negativa; os acolletores non comprenden a situación do menor e non o apoian nin aceptan.</li><li><input type="checkbox"/> Non existe un vínculo afectivo entre os acolletores e o menor.</li><li><input type="checkbox"/> A familia acollidora ve o acollemento como unha obriga.</li><li><input type="checkbox"/> Presenza dunhas inadecuadas estratexias educativas.</li></ul> |
|---|---|--|

#### Relación do menor cos nenos que conviven na casa da familia acollidora

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A relación é moi positiva, cooperativa (non hai rivalidade nin competitividade) e afectiva, coñécense e lévanse ben.</li><li><input type="checkbox"/> Os nenos reciben dos adultos acolletores a información sobre o acollemento acorde coa súa idade.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A relación do menor cos nenos é difícil, xa que case non se coñecen, orixinando, ás veces, rivalidade e descalificacións, e outras, cooperación e mínima expresión de afectividade.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A relación é negativa e conflitiva (nalgúns casos violenta), ás veces hai celos entre os nenos.</li><li><input type="checkbox"/> Hai un desinterés mutuo para coñecerse.</li></ul> |
|---|--|---|

#### Relacións entre os membros da familia acollidora

- |   |  |  |
|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A relación é moi positiva, con mostras de afectividade e respecto entre eles, unha comunicación fluida e un clima de diálogo e de cooperación.</li><li><input type="checkbox"/> A relación baséase na afectividade, na capacidade da familia para resolver as dificultades, na motivación e intención de buscar axuda, recibila e asumila.</li><li><input type="checkbox"/> Os membros da familia falan do menor, están informados dos cambios e da evolución do proceso e, ao tempo, falan co menor da situación.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A relación non é nin de diálogo nin dunha cooperación axeitada, pero, se xurden dificultades, son capaces de buscar e asumir axudas para superalas.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Non hai relación de afecto, hai unha falta total de diálogo e respecto mutuo e as relacións están impregnadas de rivalidades e competencia.</li><li><input type="checkbox"/> A relación de parella é conflitiva entre eles e/ou cos fillos (agresións físicas ou violencia doméstica).</li><li><input type="checkbox"/> Discrepancia irreconciliable sobre as pautas educativas e de coidado ao menor.</li><li><input type="checkbox"/> Existencia dunha relación tan compacta, que non permite a incorporación de ningún outro membro.</li></ul> |
|---|--|--|

#### Aceptación do menor polos membros da familia acollidora

- |  |  |  |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Vontade clara de compromiso de todos os membros da familia. Considéraselle un membro máis, participando en todas as actividades e axudándoo, pero cando hai dificultades e/ou limitacións no menor se recoñecen e aceptan.</li><li><input type="checkbox"/> Compréndese a situación do menor (hai unha relación empática) e as súas condutas repreensibles e tense capacidade para devolverlle aspectos positivos da súa historia anterior.</li><li><input type="checkbox"/> Hai unha manifestación sólida de afectividade hacia o menor.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A motivación para o acollemento baséase nunha obriga moral e algúns membros da familia teñen unha aceptación parcial, pero hai unha grande afectividade mutua.</li><li><input type="checkbox"/> Nun primeiro momento non comprenden os síntomas de malestar do neno e negan a dificultade que representa o proceso de adaptación, pero teñen expectativas positivas de cambio no menor en breve, orixinando, ás veces, que adopten unha actitude educativa rixida ou extrema.</li><li><input type="checkbox"/> Os acolletores temen que o menor repita a historia do seu pai/nai.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> A maioría / toda a familia non acepta o acollemento e rexeitan ao menor, xa que a motivación para o acollemento está baseada nunha obriga moral, esixindo ao menor responsabilidades inapropiadas polo seu momento evolutivo, contexto e historia persoal.</li><li><input type="checkbox"/> Non existe relación entre os acolletores e o menor, ou é conflitiva e emprégase a ameaza de rematar o acollemento ante dificultades de convivencia.</li></ul> |
|--|--|--|



## FAVORABLE

## RISCO

## ALTO RISCO

### Relación afectiva entre a familia acollidora e a familia biolóxica

- A relación é boa, hai un vínculo afectivo entre ambas familias e tentan axudarse. Existe unha comprensión da situación e unha aceptación mutua e clara dos roles e responsabilidades das partes.
- Os pais biolóxicos aceptan a situación e recoñecen e respectan a labor dos acolledores, ao tempo que estes entenden e favorecen a participación e, polo tanto, a responsabilidade parental da familia biolóxica.
- Transmítese a información da vida cotiá do neno, hai unha boa comunicación, contactos, pactos e acordos, pensando nas necesidades do menor.
- Ambas partes aceptan a situación, aínda que non existe un recoñecemento o que provoca, ás veces, pequenas crises (non hai expresións de afecto e amósase unha actitude distante, o que dificulta as negociacións para chegar a acordos, hai descalificacións mutuas sen fundamento).
- Existe unha relación afectivo-conflitiva entre ambas familias, mais o menor está preservado do conflito; ó menos a familia acollidora axúdalle a manterse alleo a este, recibindo e asumindo axudas se é necesario.
- A relación é de conflito, descalificación e rexeitamento explícito ou implícito dunha ou ambas partes, xa que non hai unha comprensión mutua da situación de acollemento.
- Non existe disponibilidad a prestar axuda e non se respectan os acordos consensuados.
- Os acolledores néganse a dar información do menor á familia biolóxica.
- Triangulación do menor nos conflitos dos adultos.

### Contactos entre a familia acollidora e a familia biolóxica

- Os contactos entre a familia biolóxica, a de acollida, o menor e a Administración son frecuente, case cada día ou un par de veces á semana. Neles, a relación é de cooperación e boa comunicación para chegar a acordos. Deste xeito permítese ou foméntase a participación da familia biolóxica en acontecementos familiares da familia de acollida e en aspectos da vida do menor.
- É difícil establecer unha periodicidade, xa que depende do caso; en xeral os contactos mantéñense unha vez ao mes, aproximadamente, pero hai dificultades por parte de ambas familias para que se produzan (ás veces úsanse estratexias para obstaculizar as visitas ou contactos programados), pero teñen intención en resolvelas ou para recibir e asumir axuda.
- Case non existen contactos e, se existen, son esporádicos e provocan conflitos. Hai rivalidade entre as familias e descalificacións intensas e frecuentes.
- A familia biolóxica non entende nin acepta as medidas impostas.
- Sitúan ao menor nun conflito de lealdade e non teñen en conta as súas necesidades.
- Non se respectan as decisións técnicas que se estableceron en beneficio do menor.

### Aceptación e comprensión da problemática

- Aceptación e comprensión da problemática real da familia biolóxica, establecendo medidas coherentes á mesma.
- A familia acollidora amosa comprensión coa situación dos pais biolóxicos.
- Comprensión da problemática da familia biolóxica, pero non aceptación da mesma, orixinando reticencias da familia acollidora hacia esta.
- Dificultade da familia acollidora para conectar emocionalmente co sufrimento da familia biolóxica.
- Falta de recoñecemento da familia biolóxica da axuda proporcionada pola familia acollidora.
- Nula aceptación e comprensión da problemática. Rexeitamento ante ela.
- A familia acollidora non recoñece as limitacións persoais o as dificultades polas que pasaron os pais biolóxicos.
- Comentarios excesivamente críticos e ríxidos da familia acollidora ao menor, sobre a familia biolóxica.

### Colaboración e axuda da familia acollidora á familia biolóxica

- O grao de axuda e colaboración pode cualificarse como positivo na maioría dos aspectos. En concreto, a familia acollidora ten unha actitude positiva respecto á temporalidade do proceso de acollemento e é consciente da recuperación do menor por parte da familia biolóxica, ofrecendo a súa axuda (material e persoal) para que resolva a súa problemática (apoio emocional, acompañamento no proceso...) e o menor volte con ela.
- A familia acollidora só ofrece axuda e/ou colaboración en situacións moi puntuais, xa que hai unha mostra de cansanzo en proporcionarlle axuda á familia biolóxica.
- Implicación negativa. A familia acollidora negouse reiteradamente a axudar á familia biolóxica e a actitude é agresiva entre ambas familias, xa que os acolledores creen que a situación da familia biolóxica é irreversible e que é contraproducente calquera tipo de axuda.
- A familia acollidora boicotea os avances de recuperación da familia biolóxica ata o extremo de utilizar ao menor como "instrumento" para retardar/evitar o retorno do menor coa familia biolóxica.



## E. POSTURA ANTE O ACOLLEMENTO

FAVORABLE

RISCO

ALTO RISCO

### Motivacións e actitudes da familia acolledora para acoller

- |   |  |  |
|---|--|--|
| <input type="checkbox"/> O sentimento é de axuda. Viven o acollemento como un xeito de axudar á familia biolóxica e ao menor acollido e hai unha actitude positiva ante a convivencia do menor na familia de acollida (postura realista sobre o acollemento). | <input type="checkbox"/> Viven o acollemento como unha imposición e/ou obriga. | <input type="checkbox"/> Pouca ou ningunha motivación; baséase nunha obriga moral.   |
| <input type="checkbox"/> A familia compadécese da situación do menor.   | <input type="checkbox"/> O acollemento percíbese como unha carga.              | <input type="checkbox"/> As expectativas da familia acolledora sobre o menor están moi desaxustadas en relación ás súas características. |

### Coñecemento da familia acolledora sobre o que significa o acollemento en familia extensa

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> A familia coñece todos os aspectos e características deste tipo de acollementos e ten unha comprensión suficiente para entender o que significa un acollemento. | <input type="checkbox"/> Hai pouco coñecemento de familias e/ou experiencias de acollemento, repercutindo o non coñecer suficientemente as implicacións que comporta. | <input type="checkbox"/> Existen ideas erróneas ou un nulo coñecemento sobre acollemento (os acolledores só o ven como un xeito de que o menor non salga da familia). |
|--|---|---|

### Aspectos do acollemento que a familia ve como difíciles e actitudes ante as dificultades

- |   |  |  |
|---|--|--|
| <input type="checkbox"/> Capacidade para identificar e recoñecer os posibles obstáculos, predisposición para superalos (negociando alternativas entre todos os membros da unidade familiar) e disponibilidad para pedir axuda, se fora necesario. | <input type="checkbox"/> Capacidade limitada para identificar e recoñecer os posibles obstáculos; viven o acollemento como algo difícil, pero teñen unha actitude positiva para afrontar os obstáculos e disponibilidad para pedir axuda aos técnicos, en situacións límite, co que poden ir solucionándoos. | <input type="checkbox"/> Incapacidade para identificar e recoñecer posibles obstáculos; viven o acollemento como algo difícil, e amosan incapacidade para afrontar os problemas que xurden; teñen escasos recursos para afrontalos e escasa disponibilidad para pedir axuda. |
|---|--|--|

### Actitudes ante as posibles visitas coa familia biolóxica

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> Aceptación total, valorando positivamente o seu beneficio, tanto para a familia biolóxica como para o menor; deste xeito facilítase a interacción entre ambos. | <input type="checkbox"/> Actitude favorable, pero de desconfianza ou medo (ante o descoñecido/diferente ou a non saber como reaccionar). De xeito expreso, a relación é de respecto, pero distante. | <input type="checkbox"/> Rexeitamento total ás visitas, non permitindo os contactos. Hai serios problemas de entendimento e colaboración.    |
|   |   | <input type="checkbox"/> A familia biolóxica non respecta as actividades do menor e a familia acolledora e impoñen velo en calquera momento. |

### Actitude ante a reunificación do menor coa familia biolóxica

- |   |   |   |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> Clara comprensión de que o papel dos acolledores é temporal (ou pode selo) e que a súa función non é suplantar aos pais biolóxicos do menor. O seu traballo e colaboración é consecuente con estes principios. | <input type="checkbox"/> Comprensión limitada do papel dos acolledores respecto dos pais biolóxicos e do menor. Fundamentalmente presentan dúbidas (que amosan) ante a imposibilidade de asumir o retorno ou a despedida. | <input type="checkbox"/> A familia acolledora é contraria á reunificación e pon obstáculos para acadala, xa que non ven adecuado o retorno en ningún caso e o viven como algo moi negativo. Existe unha nula comprensión do papel temporal dos acolledores no coidado do menor. |
|---|---|---|

### Aceptación da familia biolóxica do acollemento

- |  |  |  |
|--|--|--|
| <input type="checkbox"/> Total aceptación e comprensión da situación e do que representa. Actitude moi favorable e ausencia de conflitos familiares. | <input type="checkbox"/> Actitude favorable, pero algo desconfiada ou temerosa.                  | <input type="checkbox"/> Actitude abertamente contraria e moi desconfiada ao acollemento por familiares. |
|  | <input type="checkbox"/> Hai algúns antecedentes non significativos de conflictividade familiar. | <input type="checkbox"/> Historial previo de serios enfrontamentos familiares.                           |
|  |  | <input type="checkbox"/> A familia non acepta as condicións do acollemento e as súas obrigas.            |
|  |  | <input type="checkbox"/> Rivalidade entre acolledores e pais biolóxicos.                                 |

### Opinión e desexos do neno ante o acollemento

- |   |   |   |
|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> O menor está ledo de ir vivir cos acolledores, xa que hai coñecemento e lazos afectivos entre eles. Aínda que lle doe separarse da súa familia séntese acollido, querido e con espazo na familia acolledora. | <input type="checkbox"/> O menor non ten lazos afectivos moi desenrolados coa familia acolledora e, aínda que non quere separarse da súa familia biolóxica non a rexeita. | <input type="checkbox"/> Ausencia de lazos afectivos, rexeitamento ou conflictividade coa familia acolledora. |
|   | <input type="checkbox"/> O neno non recoñece ningunha conflictividade familiar que xustifique esta medida.  | <input type="checkbox"/> O neno sente que os seus pais lle necesitan para seguir vivindo.                     |



## F. COLABORACIÓN CO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA

**FAVORABLE**

**RISCO**

**ALTO RISCO**

### Aceptación da familia acolledora do seguimento dos técnicos

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <input type="checkbox"/> Aceptan o seguimento e manteñen un grao elevado de colaboración (movilizanse para acadar o que se teña que necesitar para atender ao menor de forma axeitada), facilitan información importante e relevante aos técnicos sobre o desenvolvemento do acollemento e recoñecen a necesidade de velar polo bo funcionamento do proceso. | <input type="checkbox"/> Sintense controlados e/ou cuestionados polos técnicos, non percibindo relación de axuda.<br><input type="checkbox"/> Aceptan o seguimento, pero facilitan ou encubren información significativa. | <input type="checkbox"/> Rexeitan totalmente o seguimento dos técnicos, dificultando o seu traballo (ofrecen información contraria, non queren sumístrala, sentimento de censura e non cumprimento das súas indicacións). |
|--|---|---|

## G. SÍNTESE FINAL

**FAVORABLE**

**RISCO**

**ALTO RISCO**

### Caracterización global da familia acolledora

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> Que a meirande parte dos seus indicadores sexan favorables e, sobre todo, que teñan unha grande capacidade de empatía e recursos persoais propios para facer fronte ás dificultades que vaian xurdindo. A súa motivación é de axuda e non de usurpación. | <input type="checkbox"/> A familia presenta dificultades, pero ten posibilidades de cambio. | <input type="checkbox"/> Que a meirande parte dos seus indicadores sexan desfavorables e que fagan o acollemento de xeito forzado, ou que a súa motivación sexa de separación dos pais biolóxicos, cando se trata dunha reunificación, e que non teñan capacidade de protección cando se trata dunha separación. |
|---|---|--|

#### PUNTOS FORTES DA FAMILIA ACOLLEDORA

#### PUNTOS DÉBILES DA FAMILIA ACOLLEDORA

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
-





## **H. INTERVENCIÓN COA FAMILIA ACOLLEDORA**

---

FORMACIÓN

---

APOIO INDIVIDUAL (a algún membro do núcleo acolledor)

---

APOIO GRUPAL (familia acolledora e menor)

---

APOIO DOS SERVIZOS SOCIAIS DE BASE

---

DERIVACIÓN AOS RECURSOS DO ENTORNO SOCIO-COMUNITARIO

---

MEDIACIÓN



galicia



XUNTA DE GALICIA